

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE LAROUÇO PARA O
ACONDICIONAMENTO DA RÚA DA CAPELA EN FREIXIDO.

En Santiago de Compostela, a 12 de Xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Joaquín Bautista Prieto Rodríguez, na súa condición de alcalde do Concello de Larouco actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Na parroquia de Freixido, pertencente ao Concello de Larouco, unha das súas principais rúas, en concreto a rúa Capela, atópase cun pavimento tan deteriorado que é necesaria a súa demolición e renovación completa. Coa rehabilitación deste espazo público mellorará a accesibilidade e seguridade de dita rúa. Así mesmo aproveitase a demolición para a renovación dos servizos de abastecemento e pluviais deteriorados

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as



relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. Que o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello da Larouco, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Un novo pavimento na rúa Capela, visiblemente deteriorado polas fochancas e gretas, incidirá directamente na seguridade viaria de peóns e condutores. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello da Larouco ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Os ~~convenios~~ entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Larouco para a reforma e acondicionamento da rúa Maior.

O pavimento de formigón en masa da rúa Capela, na parroquia de Freixido atopase visiblemente deteriorado, roto nalgúns tramos e con abundantes fochancas. O estado de desgaste xeneralizado dificulta a súa reparación e aconsella a súa demolición e reposición. Así mesmo procederase a reparación das deficiencias detectadas no sistema de pluviais e de abastecemento existentes en dita rúa, que evitará que se formen bolsas de auga.

As actuacións a realizar serán as seguintes:

1.- Traballos previos e demolición

- Levantamento con medios mecánicos do firme de formigón hidráulico pavimento existente, retirada e traslado á planta de tratamento de residuos.
- Escavación en gabia para as conducións de abastecemento e saneamento de augas.

2.- Pavimentación

- Compacto e perfilado da caixa, por medios mecánicos, pra recibir firme.
- Colocación do zahorra artificial en subbase, compactada e perfilada por moto niveladora.
- Colocación de pavimento de formigón en masa de 15 cm de espesor HM-20 N/mm², tamaño máximo 40 mm e consistencia plástica, nunha superficie de 885,50 m².
- Colocación de lastras H.E= 8 cm gris, nunha superficie 309 m².

3. Pluviais

- Colocación de canal de formigón para desaugue de pluviais 750x330x200 mm e reixa de fundición con marco angular galvanizado.



- Colocación de 246 m lineais de tubaría de polietileno alta densidade de D= 63 mm e de arqueta de rexistro de dimensións exteriores 80x80x10 cm realizada con fábrica de ladrillo macizo de ½ pé de espesor, con morteiro de cemento de 1/6.

O orzamento de execución destas obras estímase en SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €).

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Larouco cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello de Larouco:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.



6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras destinando para iso ata un máximo de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)**, con cargo a partida orzamentaria 08. A1 512B 760.0 código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega do ano 2018.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

Dado que se trata de tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, o gasto que se proxecta queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no 2018.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6

de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Larouco xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.



- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2018. A data límite para a xustificación é o 30 de novembro do ano 2018.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Larouco, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Larouco.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso

contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).


UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e financiará os gastos realizados dende a súa sinatura nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas

Ethel M^a Vázquez Mourelle



O alcalde do Concello
de Larouco

Joaquín Bautista Prieto Rodríguez

